

Artigo xxx Modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, queda modificada como segue:

QUEDA MARCADO EN VERMELLO OS CAMBIOS REALIZADOS RESPECTO Á REDACCIÓN ACTUAL

Un. Modifícase a denominación e o artigo 5 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia que queda redactado como segue:

Artigo 5. Persoal de investigación

Na aplicación desta lei ao persoal de investigación pódense ditar normas singulares para adecualas ás súas peculiaridades.

Dous. Modifícase as letras f), g), h) e j) do parágrafo 2 do artigo 14, que quedan redactados como segue:

“f) Convocar as probas selectivas para o ingreso nos corpos ou escalas do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, agás no caso do persoal investigación, docente e sanitario.”

“g) Nomear o persoal funcionario de carreira e interino da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, así como prover a expedición dos correspondentes títulos, agás no caso do persoal investigación, docente e sanitario.”

“h) Resolver as situacións administrativas do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, agás no caso do persoal investigación, docente e sanitario.”

“j) Resolver os expedientes de incompatibilidades de todo o persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, agás o persoal que preste os seus servizos en centros pertencentes ao Sistema Público de Saúde de Galicia.”

Tres. Modifícanse as letras k) e l) do artigo 71 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia que quedan redactadas como segue:

Artigo 71. Dereitos individuais

k) Ao respecto da súa intimidade, orientación e identidade sexual, expresión de xénero, características sexuais, propia imaxe e dignidade no traballo, especialmente fronte ao acoso sexual e por razón de sexo, de orientación e identidade sexual, expresión de xénero ou características sexuais, moral e laboral.

l) Á non discriminación por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, xénero, sexo ou orientación e identidade sexual, expresión de xénero, características sexuais, relixión ou conviccións, opinión, discapacidade, idade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Catro. Modifícase a letra b) do artigo 74 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactada como segue:

Artigo 74. Deberes e código de conduta

b) Basear a súa conduta no respecto dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas, evitando toda actuación que poida producir algunha discriminación por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, xénero, sexo, orientación e identidade sexual, expresión de xénero, características sexuais, relixión ou conviccións, opinión, discapacidade, idade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Cinco. Engádesse un número 5 ao artigo 102 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia que queda redactado como segue:

Artigo 102. Traslado por motivos de violencia de xénero ou violencia sexual.

5. Nas actuacións e procedementos relacionados coa violencia de xénero ou violencia sexual, protexerase a intimidade das vítimas, en especial, os seus datos persoais, os dos seus descendentes e as de calquera persoa que estea baixo o seu garda ou custodia.

Seis. Modifícase a letra b) do número 1 do artigo 106 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia que queda redactado como segue:

Artigo 106. Reducións e adaptacións de xornada de traballo.

b) Para atender ao coidado do fillo menor de idade por natureza ou adopción, ou nos supostos de acollemento preadoptivo, permanente ou simple dun menor, que padeza

cancro (tumores malignos, melanomas e carcinomas) ou calquera outra enfermidade grave que implique un ingreso hospitalario de longa duración ou hospitalización a domicilio das mesmas características, e requira a necesidade do seu coidado directo, continuo e permanente acreditado polo informe do Servizo Público de Saúde ou órgano administrativo sanitario da Comunidade Autónoma ou, de ser o caso, da entidade sanitaria concertada correspondente, concederase unha redución por horas completas de polo menos a metade da duración da xornada de traballo diaria, como máximo ata que o menor cumpra os 23 anos, sempre que ambos os dous proxenitores, adoptantes ou acolletores de carácter preadoptivo, permanente ou simple traballen. En consecuencia, o simple cumprimento dos 18 anos de idade do fillo ou do menor suxeito a acollemento ou a garda con fins de adopción non será causa de extinción da redución da xornada se se mantén a necesidade do coidado directo, continuo e permanente.

Con todo, cumpridos os 18 anos, poderase recoñecer o dereito á redución de xornada ata que a persoa ao seu cargo cumpra os 23 anos nos supostos en que o padecimento do cancro ou enfermidade grave fose diagnosticado antes de alcanzar a maioría de idade, sempre que no momento da solicitude acredítense os requisitos establecidos nos parágrafos anteriores, agás a idade.

Así mesmo, manterase o dereito a esta redución de xornada ata que a persoa ao seu cargo cumpra 26 anos se, antes de alcanzar os 23 anos, acredítase, ademais, un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.

Cando concorran en ambos os dous proxenitores, adoptantes ou acolletores de carácter preadoptivo, permanente ou simple, polo mesmo suxeito e feito causante, as circunstancias necesarias para ter dereito á redución de xornada prevista nesta letra ou, de ser o caso, poidan ter a condición de beneficiarios da prestación establecida para este fin no réxime da Seguridade Social que lles sexa aplicable, é requisito para a percepción das retribucións íntegras durante o tempo que dure a redución da xornada de traballo que o outro proxenitor, adoptante ou acolleedor de carácter preadoptivo, permanente ou simple non cobre as súas retribucións íntegras en virtude do previsto nesta letra ou como beneficiario da prestación establecida para este fin no réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable. En caso contrario, só se terá dereito á redución de xornada, coa conseguinte redución de retribucións.

Así mesmo, no suposto de que ambos os dous proxenitores presten servizos no mesmo órgano ou entidade, este poderá limitar o exercicio simultáneo da redución de xornada prevista nesta letra por razóns fundadas no correcto funcionamento do servizo.

Cando a persoa enferma contraia matrimonio ou constituía unha parella de feito, terá dereito á prestación quen sexa o seu cónxuxe ou parella de feito, sempre que acredite as condicións para ser beneficiario.

.Regulamentariamente estableceranse as condicións e os supostos en que a redución de xornada prevista nesta letra poderá acumularse en xornadas completas, logo de negociación coas organizacións sindicais máis representativas nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei

Sete. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 108 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia que quedan redactados como segue:

Artigo 108. Permisos por falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar.

1. Nos casos de accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise de repouso domiciliario do cónxuxe, parella de feito ou parentes ata o primeiro grao por consanguinidade ou afinidade, ou calquera outra persoa distinta das anteriores que conviva coa persoa funcionaria no mesmo domicilio e que requira o coidado efectivo daquela, o persoal funcionario ten dereito a un permiso de cinco días hábiles.

2. Nos casos de accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario, dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, o persoal funcionario terá dereito a un permiso de catro días hábiles.

No caso de falecemento do cónxuxe, parella de feito ou familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, o persoal funcionario terá dereito a un permiso de tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade, e cinco días hábiles, cando sexa en distinta localidade. No caso de falecemento de familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, o permiso será de dous días hábiles cando se produza na mesma localidade e de catro días hábiles cando sexa en distinta localidade.

Oito. Engádese un parágrafo ao número 1 do artigo 114 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia que queda redactado como segue:

Artigo 114. Permisos para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto.

1. As funcionarias embarazadas teñen dereito aos permisos necesarios para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto

Para efectos do disposto neste apartado, o termo de funcionarias embarazadas inclúe tamén ás persoas funcionarias trans xestantes.

Nove. Engádese un número 8 ao artigo 121 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia que queda redactado como segue:

Artigo 121. Permiso por parto

8. Para efectos do disposto neste artigo, o termo de nai inclúe tamén ás persoas trans xestantes.

Dez. Engádese un número 7 ao artigo 122 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego

público de Galicia, que queda redactado como segue:

Artigo 122. Permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento

7. O persoal funcionario terá dereito ao permiso polo tempo indispensable para a asistencia ás preceptivas sesións de información e preparación e para a realización dos preceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade, que deban realizarse dentro da xornada de traballo.

Once. Suprímese a letra d) do número 3 do artigo 173 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:

d) Cando pase a prestar servizos en calquera Administración pública, organismo, axencia ou entidade e do sector público como persoal funcionario interino ou como persoal laboral con contrato temporal ou declarado indefinido por sentenza xudicial firme, ou en entidades que queden excluídas da consideración de sector público para os efectos do previsto na letra b) da alínea primeira do artigo 174.

Doce. Modifícase a letra b) do número 1 do artigo 185 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia que queda redactada como segue:

Artigo 185. Faltas moi graves

b) Toda actuación que supoña discriminación por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade, orientación sexual, identidade sexual, características sexuais, lingua, opinión, lugar de nacemento ou veciñanza, sexo ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, así como o acoso por razón de sexo, orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade, orientación sexual, expresión de xénero, características sexuais, e mais o acoso moral, sexual e por razón de sexo.

Trece. Engádese unha nova disposición adicional décimo oitava a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Disposición adicional décimo oitava. Prazas adicionais nas convocatorias de procesos selectivos

1. Coa finalidade de reducir a temporalidade, as convocatorias de probas selectivas poderán incluír, ademais das prazas autorizadas pola correspondente oferta de emprego público, un número de prazas adicionais

para cubrir futuras vacantes derivadas unicamente de xubilacións a cargo das ofertas de emprego público dos dous anos seguintes.

2. As bases da convocatoria, previa xustificación no expediente administrativo, deberán indicar expresamente o número máximo destas prazas adicionais correspondentes a cada oferta de emprego público.

3. As prazas adicionais previstas neste precepto téñense que descontar das ofertas de emprego público dos dous anos seguintes, agás que o órgano competente da Administración Xeral do Estado autorice expresamente un incremento de dotación orzamentaria para a oferta de emprego público da que dependa a citada convocatoria.

No obstante, non se poderá propoñer o nomeamento de persoal funcionario tendo en conta estas prazas adicionais antes da aprobación da oferta de emprego público do exercicio seguinte coa finalidade de garantir que non se supere a taxa de reposición.

No caso que as convocatorias contemplen unha quenda de promoción interna de acordo co previsto na correspondente oferta de emprego público, terá prioridade para elección de destino a dita quenda, acumulándose as prazas non cubertas ás de acceso libre.

4. As persoas aspirantes que, habendo aprobado os exercicios do proceso selectivo, non superaron este, por non obter a puntuación necesaria para o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira, incluíranse, ata o número máximo de prazas adicionais, nunha relación específica.

As prazas adicionais ofreceranse, segundo a orde de prelación obtida no correspondente proceso selectivo, no momento no que existan as vacantes previstas na convocatoria, ás persoas aspirantes incluídas na relación, para o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira, sendo adxudicadas estas vacantes con carácter provisional.

Non se poderá declarar superado o proceso selectivo e proceder ao nomeamento de persoal funcionario de carreira ata que se cumpran as condicións establecidas nesta disposición.

No suposto de convocatorias mediante un sistema selectivo que prevexa a realización de cursos selectivos ou períodos de prácticas, se establecerán os mecanismos adecuados coa finalidade de poder facer efectiva esta disposición.

5. A relación destas persoas aspirantes queda automaticamente sen efecto unha vez transcorridos tres anos contados desde a data de resolución da

convocatoria do proceso selectivo correspondente sen que se deran as condicións necesarias para o nomeamento por causas independentes da administración.

6. O establecido nesta disposición non obstará para que a administración poida efectuar novas convocatorias doutros procesos selectivos do mesmo corpo, escala ou especialidade respecto doutras prazas vacantes non tidas en conta na convocatoria á que se refire o seu número 1 dela. A estes procesos poderanse presentar as persoas aspirantes incluídas na relación en igualdade de condicións que o resto dos aspirantes. No caso de que superen o proceso selectivo e sexan nomeadas persoal funcionario de carreira serán excluídas da relación prevista no número 4.

COMO DISPOSICIÓN ADICIONAL DO PROPIO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS **Engadir como disposición adicional.**

Disposición transitoria primeira. Medidas especiais en materia de listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino durante o ano 2024

Garántese a dispoñibilidade de persoal de perfil sanitario nas listas de contratación de persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal que presta servizos de atención directa ás persoas usuarias coas seguintes medidas:

1. No suposto de non existiren aspirantes nas listas para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, nas categorías profesionais 2 do grupo I, 2 do grupo II e 3 do grupo IV, do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia ou, de ser o caso, **para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario de na escala de facultativos especialidade de medicina (subgrupo A1), na escala de técnicos facultativos especialidade de enfermaría (subgrupo A2) e na escala de auxiliares de clínica (subgrupo C2), poderá:**

a) acudir aos integrantes das listas que solicitaron a inclusión durante o ano en curso, no caso de que non estean publicadas as listas definitivas e lles corresponda ser admitidos; ou

b) acudir opcionalmente á relación de penalizados da categoría profesional, corpo ou escala correspondente que solicitaron a reincorporación; ou,

c) acudir á relación de penalizados que non solicitaron a reincorporación;ou



d) solicitarse directamente do Servizo Público de Emprego.

2. Ademais, en postos pertencentes á categoría profesional de auxiliar de clínica (Grupo IV, categoría 3), ou en postos **pertencentes a escala de auxiliares de clínica (subgrupo C2)** poderase acudir a persoal doutras listas de contratación temporal do grupo IV que estean en posesión do título de formación profesional de grao medio de técnico en coidados auxiliares de enfermaría ou equivalente.

Excepcionalmente, no caso de que non for posible a cobertura de postos da categoría profesional de auxiliar de clínica (IV-3) polos procedementos previstos nos parágrafos anteriores, poderán seleccionarse candidatos que teñan cursados e superados os estudos correspondentes para a obtención do título de grao medio de técnico en coidados auxiliares de enfermaría ou equivalente, e o acrediten documentalmente, sempre que cumpran o resto dos requisitos exixidos para o acceso á categoría ou escala.

3. Cando pola inexistencia de persoal integrante das listas para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, nas categorías profesionais 2 do grupo I, 2 do grupo II, e 3 do grupo IV, ou para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario de corpos ou escalas equivalentes, non existan candidatos que estean en posesión do certificado acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente, poderán ser seleccionados candidatos que carezan del, sempre que cumpran os restantes requisitos exixidos para o acceso á categoría de que se trate.

4. O período de penalización nas listas para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia terá unha duración de seis meses.

5. A solicitude de reincorporación formulada polas persoas integrantes das listas que solicitasen previamente a suspensión das citacións, por non estaren prestando servizos a través delas, producirá efectos ao día seguinte ao da súa presentación.

6. O establecido nesta disposición ten vixencia limitada ao ano 2024.